

ACTA NUM. 9/12

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO CELEBRADA O DÍA 25 DE MAIO DO 2012.

Na casa do Concello de Barro, ás vinteunha horas quince minutos do día vintecinco de maio de dous mil doce, reúnese o Pleno deste concello.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Antonio Landín Eirín.

Do Partido Popular:

Dna. Teresa Roig Olona

Dna. Rosa Varela Magariños.

D. Manuel Fontán Outón.

D. Eduardo Iglesias González

D. Manuel Rivas Reboredo

Do BNG:

Dna. M^a Xesús Castro Calviño.

D. Roberto Rivas Reboredo

Do PSOE

D. José Sanmartín Soto.

Secretario:

D. Xesús Rodríguez Castro.

Faltan con excusa: D. Xosé Manuel Fernández Abrales e Dna Margarita Canay Pintos

ORDE DO DIA

- 1.- APROBACION ACTAS ANTERIORES.
- 2.- DAR CONTA DO AVANCE DE RESULTADOS DA VALORACION PONENCIA VALORES BARRO.
- 3.- ESTABLECIMENTO COEFICIENTE CALCULO VALOR BASE NA DETERMINACION DA BASE LIQUIDABLE DO IBI INMOBLES DE NATUREZA RUSTICA OCUPADOS POR CONSTRUCCIONS.
- 4.- APROBACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.
- 5.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITO
- 6.-EXPEDIENTE SUPLEMENTO DE CREDITO 2/2012
- 7.- MOCIONS
- 8.- ROGOS E PREGUNTAS

Comprobada a existencia de quórum para a válida realización da sesión, declárase aberta e éntrase a trata-los asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES.

Dada conta da acta anterior da sesión extraordinaria urxente de data 11.05.2012, e acta sesión extraordinaria de data 19.05.2012.

Non se fan observacións as mesmas e aprobanse por unanimidad.

2.- DAR CONTA DO AVANCE DE RESULTADOS DA VALORACION PONENCIA VALORES BARRO.

Dase conta do avance de resultados de valoración da ponencia de valores de Barro remitida pola Xerencia Territorial do Catastro que se transcribe:

Datos anteriores:

PADRON IBI URBANA 2012

nº total de unidades urbanas	1.936
Valor catastral medio/uu	24.551,24 €/uu
Valor catastral total 2012	47.531.197,70 €
Base liquidable total 2012	47.531.197,70 €

Datos provisionais trala valoración do Catastro Urbano coa Ponencia de Valores 2013:

nº total de unidades urbanas resultantes	6.300
Valor catastral medio/uu	24.296,42 €uu
Valor catastral total 2013	154.061.897,33
Base liquidable total 2013	154.061.897,33

Os datos provisionais mais significativos por Polígonos 2013 son:

Polígono	nº inmuebles	Vcat. total (€)	Bliq.total (€)	Vcat. medio (€)
Casco	517	24.146.253	24.146.253	46.704
Industrial	131	17.580.405	17.580.405	134.201
Núcleos Rurais	5.182	118.257.854	118.257.854	22.820

Os datos provisionais mais significativos por usos 2013 son:

Usos	nº inmuebles	Vcat.total 2012 (€)	Vcat. total 2013 (€)	Incremento Vcat. (efecto multiplicador)
Almacén	138	781.976	1.563.688	2,00
Comercial	37	2.523.855	4.932.523	1,95
Industrial	147	3.612.732	9.419.640	2,61
Suelos	4.595	0	34.769.494	-
Residencial	1.371	38.309.420	100.367.774	2,62

Para o conxunto dos **inmuebles urbanos** resultantes da aplicación da Ponencia de Valores 2012, o coeficiente obtido para o cálculo do valor base na determinación da Base Liquidable resulta 1,01, polo que ao ser superior á unidade adóptase para o cálculo da Base Liquidable Urbana 2013=1,00.

Básicamente, o efecto tributaria de este coeficiente 1,00 supón a non aplicación de redución algunha na determinación da base liquidable do IBI dos inmuebles urbanos.

A corporación dase por enterada

3.- ESTABLECIMIENTO COEFICIENTE CALCULO VALOR BASE NA DETERMINACION DA BASE LIQUIDABLE DO IBI INMOBLES DE NATUREZA RUSTICA OCUPADOS POR CONSTRUCCIONS.

Dase conta do escrito da Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra no que se solicita o establecemento do coeficiente de cálculo valor base na determinación da base liquidable do IBI inmuebles de natureza rustica ocupados por construcións. Sinalando que o concello está facultado para establecer o coeficiente que deberá estar entre 0,50 e 1,00 prevendo a disposición transitoria décima da lei 36/2006 de 29 de novembro que en caso de non comunicación se aplicará o coeficiente 0,5.

Así mesmo dase conta dos datos relevantes sobre o padrón de IBI de rústica para o exercicio 2013, remitidos pola Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra, que se transcriben:

nº total de unidades rústicas ocupadas por construcións	91
valor catastral total uds. rústicas ocupadas por construcións 2013	6.259.093 €

Base liquidable total 2012 (hipótesis con coeficiente 0,5)	2.906.441 €
Base liquidable total 2013 (hipótesis con coeficiente 1,00)	6.259.093 €

O Sr. Alcalde propón establecer o coeficiente do 1,00 para equiparar o importe

dos recibos resultantes para as edificacións situadas en solo rústico cos importes que suporá a nova valoración para os bens situados en solo urbano e en solo de núcleo rural.

Polo Sr. Roberto Ribas Reboredo do BNG remárcase que nunha situación de crise como a que está soportando os veciños de Barro é inoportuno o incremento do importe dos recibos do imposto de urbana, tendo en conta que este incremento se suma a outros como o recibo de basura, e hai familias en paro que non teñen medios para facer fronte os gastos mais elementais, e sinala que é responsabilidade do que goberna haber levado ó concello a unha situación crítica da que non son responsables os veciños.

Sr. Sammartín Soto, anuncia o voto a favor do seu grupo para evitar que uns veciños paguen mais que outros.

O asunto foi dictaminado en comisión informativa de data 25/05/2012.

Sometido a asunto a votación, ACÓRDASE por 7 votos a favor; votan os Sres. Roig Olona, Varela Magariños, Fontán Outón, Iglesias González, M. Rivas Reboredo, Sr. Alcalde (PP) e Sr. Sanmartín Soto (PSOE) e 2 votos en contra; votan os Sres. Castro Calviño e R. Rivas Reboredo (BNG):

Primeiro.- Aprobar o establecemento do coeficiente 1,00 de cálculo valor base na determinación da base liquidable do IBI inmobles de natureza rústica ocupados por construcións.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo a Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra.

4.- APROBACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

Dase conta da necesidade de aprobar a Ordenanza do Imposto de Bens Inmobles para incorporar a mesma as modificacións normativas e a adaptación a nova valoración que está levando a cabo a Xerencia Territorial do Catastro para o comezo da súa aplicación no padrón de 2013.

En relación do IBI de urbana o Sr. Alcalde fai a seguinte proposta de coeficientes a aplicar nun periodo de 6 anos para amortiguar a subida que leva consigo a nova valoración sinalando que o que poida decidir o concello ben determinado polos límites que impón a lei e serían os seguintes tipos por anualidades en base a previsión do art. 72.5 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo:

anualidade 2013: 0,30

anualidade 2014: 0,32

anualidade 2015: 0,34

anualidade 2016: 0,36

anualidade 2017: 0,38

anualidade 2018:0,40 para exercicios sucesivos, ata que non se acorde a súa modificación.

Para os **bens inmobles de natureza rústica** propón manter o coeficiente

mínimo que se viña aplicando do: 0,30

No caso dos **bens inmobles de características especiais** mantense o coeficiente do 1,3.

Os coeficientes inalados serán aplicables dende a entrada en vigor desta ordenanza e para exercicios sucesivos, ata que non se acorde mediante modificación outro tipo distinto.

Polo Sr. Roberto Ribas Reboredo do BNG anunciase o voto en contra do seu grupo ante a dificultade de moitas familias para facer frente o incremento dos impostos nunha situación de crisis e paro.

Sr. Alcalde aclara que xa se trata de minorar o impacto da subida consecuencia da nova valoración do Catastro establecendo a progresividade na aplicación do tipo anual dentro dos marxenes que a lei permite e que non depende do concello a revisión e actualización dos valores por ser unha competencia da Xerencia do Catastro quen leva sin actualizar valores dende fai mais de vinte anos

Sr. Roberto Rivas Reboredo, que o veciños e as familias cos seus membro en paro non son os que provocaron a crisis nin os responsables do retrasos do Catastro ou de que o concello non fose previsor na súa xestión

Sr. Sammartin Soto, anuncia o voto a favor do seu grupo para evitar que uns veciños paguen mais que outros.

O asunto foi dictaminado en comisión informativa de data 25/05/2012

Sometido a asunto a votación, ACÓRDASE por 7 votos a favor; votan os Sres. Roig Olona, Varela Magariños, Fontán Outón, Iglesias González, M. Rivas Reboredo, Sr. Alcalde (PP) e Sr. Sanmartín Soto (PSOE) e 2 votos en contra; votan os Sres. Castro Calviño e R. Rivas Reboredo (BNG):

Primeiro.- Aprobación provisional da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles que se transcribe:

ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BEN INMOBLES DO CONCELLO DE BARRO

ARTIGO 1. NATUREZA E FUNDAMENTO

1. O imposto sobre Bens Inmobles, é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles nos termos establecidos no RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2. De conformidade cos artigos 15.2, 16, e 59.1 do citado RDL 2/2004 de 5 de marzo, o concello de Barro acorda a Ordenación deste tributo segundo as normas que contén a presente Ordenanza, en concordancia co disposto nos artigos 61 a 77 do RDL 2/2004, RDL 1/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e restante normativa de aplicación.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito Impoñible do Imposto sobre Bens Inmobles a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rusticos e urbanos e sobre os inmobles

de características especiais :

a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos a que estean fechos.

b) Dun dereito real de superficie.

c) Dun dereito real de usufruto.

d) Do dereito de propiedade.

2. A realización do feito impoñible que corresponda, de entre os definidos no apartado anterior pola orde nel establecida, determinará a non suxeición do inmovle ás restantes modalidades no mesmo previstas.

Nos inmobles de características especiais aplicarase esta mesma prelación, salvo cando os dereitos de concesión que poidan recaer sobre o inmovle non esgoten a súa extensión superficial, suposto no que tamén realizárase o feito impoñible polo dereito de propiedade sobre a parte do inmovle non afectada por unha concesión.

3. Ós efectos deste imposto, terán a consideración de bens inmobles rústicos, urbanos e de características especiais os definidos como tales no RDL 1/2004 de 5 de marzo.

O carácter urbano ou rústico do inmovle dependerá da natureza do solo.

*4. Conforme o art. 7.2 da lei do Catastro inmobiliario, **serán inmobles de natureza urbana:***

a) O solo clasificado ou definido polo planeamento urbanístico como urbano, urbanizable ou equivalente.

b) Os terreos que teñan a consideración de urbanizables ou aqueles para os que os instrumentos de ordenación territorial e urbanística prevexan ou permitan o seu paso á situación de chan urbanizado, sempre que estean incluídos en sectores ou ámbitos espaciais delimitados, así como os demais chans deste tipo a partir do momento de aprobación do instrumento urbanístico que estableza as determinacións para o seu desenvolvemento.

c) O integrado de forma efectiva na trama de dotacións e servizos propios dos núcleos de poboación.

d) O ocupado polos núcleos ou asentamentos de poboación illados, no seu caso, do núcleo principal, calquera que sexa o hábitat no que se localicen e con independencia do grao de concentración das edificacións.

e) O chan xa transformado por contar cos servizos urbanos establecidos pola lexislación urbanística ou, na súa falta, por dispor de acceso rodado, abastecemento de auga, evacuación de augas e subministración de enerxía eléctrica.

f) O que estea consolidado pola edificación, na forma e coas características que estableza a lexislación urbanística.

Exceptúase da consideración de solo de natureza urbana o que integre os bens inmobles de características especiais.

5. Enténdese por solo de **natureza rústica**, según o art. 7.3 do RDL 1/2004, *aquel que non sexa de natureza urbana conforme ao desposto na lei do Catastro, nin estea integrado nun ben inmovible de características especiais.*

6. A efectos catastrais e según establece o art. 7.4 do RDL 1/2004 , *terán a consideración de **construcións**:*

a) *Os edificios, sexan calquera os materiais de que estean construídos e o uso a que se destinen, sempre que se atopen unidos permanentemente ao chan e con independencia de que se alcen sobre a súa superficie ou se achen situados no subsolo e de que poidan ser transportados ou desmontados.*

b) *As instalacións industriais, comerciais, deportivas, de recreo, agrícolas, gandeiras, forestais e piscícolas de auga doce, considerándose como tales, entre outras, os diques, tanques, cargadeiros, peiraos, pantaláns e invernadoiros, e excluíndose en todo caso a maquinaria e o utillaxe.*

c) *As obras de urbanización e de mellora, tales como as explanacións, e as que se realicen para o uso dos espazos descubertos, como son os recintos destinados a mercados, os depósitos ao aire libre, os campos para a práctica do deporte, os estacionamentos e os espazos anexos ou accesorios aos edificios e instalacións.*

Non terán a consideración de construcións aquelas obras de urbanización ou mellora que regulamentariamente determinense, sen prexuízo de que o seu valor deba incorporarse ao do ben inmovible como parte inherente ao valor do solo, nin tinglados ou alpendres de pequena entidade.

7. Segundo o disposto no artigo 8 do RDL 1/2004 de 5 de marzo, os **bens inmobles de características especiais** *constitúen un conxunto complexo de uso especializado, integrado por solo, edificios, instalacións e obras de urbanización e mellora, que polo seu carácter unitario e por estar vinculado de forma definitiva para o seu funcionamento, configúrase a efectos catastrais como un único inmovible.*

Considéranse bens inmobles de características especiais os comprendidos nos seguintes grupos:

a) *Os destinados a produción de enerxía eléctrica e gas e ó refino de petróleo, e as centrais nucleares.*

b) *A presas, saltos de auga e encoros, incluído o seu leito ou vaso, excepto as destinadas exclusivamente ao rego.*

c) *As autoestradas, estradas e túneles de peaxe.*

d) *Os aeroportos e portos comerciais.*

O conxunto complexo susceptible de calificarse como ben inmovible de características especiais entenderase como un único ben inmovible, con independencia de que poida estar integrado por un ou varios recintos ou parcelas ou da súa configuración territorial, en caso de estar situado en distintos termos municipais.

8. No caso de que un mesmo inmovible se atope localizado en distintos termos municipais, entenderase, a efectos deste imposto, que pertence a cada un deles pola superficie que ocupe no respectivo termo municipal.

ARTIGO 3. NON SUXECCION

Non están suxeitos a este imposto:

a) *As estradas, os camiños, as demais vías terrestres e os bens de dominio público marítimoterrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuito.*

b) *Os seguintes bens inmoables propiedade do Concello :*

Os bens inmoables de dominio público afectos a uso público.

Os bens inmoables de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo Concello, excepto cando se trate de inmoables cedidos a terceiros mediante contraprestación.

ARTIGO 4. SUXEITOS PASIVOS

1. *Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes do Imposto Sobre bens inmoables as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35. 4 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.*

Aínda que concorran varias titularidades catastrais nun mesmo ben inmovible, o suxeito pasivo será único: quen figure con esta condición no Ficheiro de remisión do Padrón Catastral anual.

Cando se produza a concorrencia de varios titulares catastrais nun mesmo ben inmovible, a Administración Tributaria proporcionará a información sobre os dereitos de cada titular e a súa cota de participación, segundo os datos contidos no Ficheiro Informático de remisión do Padrón Catastral.

No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre o mesmo ben inmovible será substituto do contribuínte o que satisfaga o maior canon, sen prexuízo de poder repercutir este sobre os demais concesionarios a parte da cota líquida que lle corresponda en proporción aos canons que deban satisfacer cada un deles.

2. *No caso de bens inmoables de características especiais, cando a condición de contribuínte recaiga nun ou en varios concesionarios, cada un deles o será pola súa cota, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie concedida e á construción directamente vinculada a cada concesión. Sen prexuízo do deber dos concesionarios de formalizar as declaracións a que se refire o artigo 76 do RDL 2/2004, o ente ou organismo público ao que estea afectado ou adscrito o inmovible ou aquel a cuxo cargo estea a súa administración e xestión, estará obrigado a subministrar anualmente ao Ministerio de Economía e Facenda a información relativa ás devanditas concesións nos termos establecidos regulamentariamente.*

Para esta mesma clase de inmoables, cando o propietario teña a condición de contribuínte en razón da superficie non afectada polas concesións, actuará como substituto do mesmo o ente ou organismo público ao que se refire o parágrafo anterior,

o cal non poderá repercutir no contribuínte o importe da débeda tributaria satisfeita.

ARTIGO 5. EXENCIONS

1. Estarán exentos os seguintes inmobles:

- a) Os que sexan propiedade do Estado, das comunidades autónomas, ou das entidades locais que esten directamente afectos á seguridade cidadá, e aos servizos educativos e penitenciarios, así como os do Estado afectos á defensa nacional.*
- b) Os bens comunais e os montes veciñais en man común.*
- c) Os da igrexa católica, nos termos previstos no acordo entre o Estado Español e a Santa Sede sobre asuntos económicos, de 3 de xaneiro de 1979, e os das asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos acordos de cooperación subscritos en virtude do disposto no artigo 16 da Constitución.*
- d) Os da Cruz Vermella Española*
- e) Os inmobles aos que sexa de aplicación a exención en virtude de Convenios Internacionais en vigor, e a condición de reciprocidade, os dos gobernos estranxeiros destinados á súa representación diplomática, consular ou aos seus organismos oficiais.*
- f) A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento, regulamentariamente determinadas, no que o principal aproveitamento sexa madeira ou corcho, sempre que a densidade do arborado sexa a propia ou normal de especie.*
- g) Os terreos ocupados por liñas de ferrocarrís e os edificios enclavados nos mesmos terreos, que estean dedicados a estacións, almacéns ou calquera outro servizo indispensable para a explotación de ditas liñas. Non están exentos, por conseguinte, os establecementos de hostalería, espectáculos, comerciais e de espaxemento, as casa destinadas a vivendas dos empregados, as oficinas de dirección nin as instalacións fabrís.*
- h) En aplicación do artigo 62.4 do R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e en razón de criterios de eficiencia e economía na xestión recaudatoria do tributo, quedarán exentos de tributación no imposto os recibos e liquidacións correspondente a bens inmobles de natureza urbana cando a cota liquida sexa inferior a 6 euros; e os de natureza rústica no caso de que para cada suxeito pasivo, a cota liquida correspondente a totalidade dos bens rústicos posuídos no concello sexa inferior a 12 euros.*

ARTIGO 6. BASE IMPOÑIBLE

A base imponible deste imposto estará constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ó disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

ARTIGO 7 BASE LIQUIDABLE

A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar a base imponible as reducións legais que no seu caso sexan de aplicación que se establecen nos artigos 67 a 70 do RDL 2/2004 de 5 de marzo.

ARTIGO 8. COTA TRIBUTARIA

A cota íntegra do Imposto sobre bens Inmóbeles será o resultado de aplicar á base liquidable o seguinte tipo de gravame:

1. Para os **bens Inmóbeles de natureza urbana** aplicaranse os seguintes tipos de gravame por anualidades:

anualidade 2013: 0,30

anualidade 2014: 0,32

anualidade 2015: 0,34

anualidade 2016: 0,36

anualidade 2017: 0,38

anualidade 2018:0,40 para exercicios sucesivos, ata que non se acorde mediante modificación

2. Os **bens inmóbeles de natureza rústica** aplicarase o **tipo de gravame do 0,30**

3. Nos **bens inmóbeles de características especiais** tipo de gravame será o 1,3

Os tipos de gravame serán aplicables dende a entrada en vigor da ordenanza e para exercicios sucesivos, ata que non se acorde mediante modificación outro tipo distinto.

ARTIGO 9. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

O Imposto devengarase o primeiro día do período impositivo que coincidirá co ano natural.

ARTIGO 10. XESTIÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

A xestión do Imposto sobre bens inmóbeles comporta dúas vías:

1 *A xestión tributaria: que comprende a propia xestión e recadación de este imposto, así como a revisión dos actos ditados nesta vía de competencia do concello delegable no organismo competente, e comprenderá as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobramento, resolución de recursos que se interpoñan contra os devanditos actos e actuacións para a asistencia e información ao contribuínte.*

2 *A xestión catastral: competencia exclusiva da Administración catastral do Estado na forma prevista nas disposicións legais. Comprende a xestión do imposto a partir da información contida no padrón catastral e demais documentos elaborados pola Xerencia Territorial do Catastro.*

3. *As alteracións concernentes aos bens inmóbeles susceptibles de inscrición catastral determinarán a obriga dos suxeitos pasivos de formalizar as declaracións conducentes á súa inscrición no Catastro Inmobiliario conforme ao establecido nas súas normas reguladoras.*

DISPOSICIONS FINAIS

1. Para o onon previsto na presente ordenanza, serán de aplicación as normas contidas no Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, RDL 1/2004 de 5 de marzo polo quwe se aproba o Texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e Regulamento Xeral de Recadación

As modificacións producidas nas Leis de Presupostos Xerais do Estado e outras normas con rango de legal que afecten a calquera elemento deste imposto serán de aplicación automática dentro do ámbito de aplicación da presente Ordenanza.

2. A presente ordenanza entrará en vigor tras a súa publicación íntegra no B.O.P, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo.- Someter a ordenanza e o expediente a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de 30 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación no B.O.P. no que os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo de aprobación provisional de conformidade co previsto no art. 17.3 do R.D.L. 2/2004 do 5 de marzo.

5.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITO.

A seguir pola Presidencia dase conta do expediente de recoñecemento extrajudicial de crédito 2/2012 referido a facturas emitidas sin existir consignación orzamentaria, no que consta a relación detallada de facturas GAS NATURAL SUR S.D.G. por un importe total de **310.389,19 €** que a seguir se transcriben. Ditas facturas forman parte da relación de provedores enviada o Ministerio de Hacienda acolléndose o establecido no RDL 4/2012 de 24 de febreiro para o pago das mesmas.

Consta no expediente informe do Secretario Interventor que se transcribe:

“INFORME INTERVENCIÓN

EXTE 2/2012 DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITO FACTURAS EJERCICIOS ANTERIORES.

ANTECEDENTES.

Existencia de relación de facturas correspondentes a ejercicios anteriores por encargos ou realización sin consignación nin intervención previa que se incluye como anexo do presente informe.

Emitese informe en base o establecido no art. 213 e ss. do TRLRFL.

*A relación de facturas foron as emitidas GAS NATURAL SUR S.D.G. por un importe total de **310.389,19 €** que a seguir se transcriben. Ditas facturas forman parte da relación de provedores enviada o Ministerio de Hacienda en base a regulación do pago a provedores do RDL 4/2012*

LEXISLACION APLICABLE

-Rdl. 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto Rrefundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL) art. 213 a 216.

- R.D. 500/90 do 20 de abril, cap III sec 1ª, art. 60.2.
- R.D. 781/86 do 18 de abril (TRRL) art. 23
- R.D. 2568/86 do 28 novembro (ROF), art. 50.12
- R.D.L 3/2011 de 14 novembro, Texto Refundido Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) art. 216 e 217.
- R.D.L. 8/2010 de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, art. 14
- Bases de execución do orzamento para o exercicio de 2012.
- Lei 47/2003 de 26 novembro (Lei Xeral Presupostaria) art. 176 e ss.
- RDL 3/2011 de 14 de novembro, Texto refundio da lei de Contratos do Sector Público (LCSP) art. 216 e 217.
- RDL 8/2010 de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, art. 14
- RDL 8/2011 de 1 de xullo, de medidas de apoio os deudores hipotecarios, de control do gasto público e canancelación de debedas..
- RDL 20/2011 de 30 decembro Medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para corrección do deficit público.
- Real Decreto-lei 4/2012, de 24 de febreiro polo que se determina obrigacións de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais.
- Real Decreto-lei 7/2012, de 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o financiamento dos pagos a provedores
- Orde de 9 de marzo pola que se aproban modelos previstos no RDL 4/2012 de 24 de febreiro.
- L.O. 2/2012 de de 27 de abril , Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financieira

INFORME

As facturas que se incluen no anexo corresponden a exercicios anteriores por gastos realizados sin intervención previa nin consignación.

De conformidade co establecido no art. 215 e 216 do Rdl. 2/2004 cabe formular reparos no caso de omisión de requisitos ou tramites esenciais e cando non houberen sido fiscalizados os actos que deron lugar as órdenes de pago. No expediente non consta a aprobación e fiscalización previa do gasto nin comprobación ou acreditación das obras realizadas.

De conformidade co art. 52 do R.D. 500/90 as fases do gasto son as seguintes: autorización, disposición e compromiso do gasto, recoñecimento da obriga e ordenación do pago, podendo darse nun solo acto mais dunha das fases sinaladas. (art. 67 R.D. 500). En calqueira caso o órgano que adopte o acordo deberá ter competencia, orixinaria, delegada ou desconcentrada para acordar todas e cada unha das fases.

De conformidade co establecido nas bases de execución do presuposto para o exercicio de 2012 base 8 do Presuposto limita ao importe de 6.000,00 € a competencia da Alcaldía para as fases A e D. Correspondendo a autorización e disposición dos gastos o órgano competente (art. 185 TRLFL) e a ordenación de pagos o Presidente da entidade local (art. 186 TRLFL) tendo en conta que a expedición da órdenes de pago haberá de acomodarse ó plan de disposición de fondos da Tesourería que se estableza polo Presidente que, en todo caso deberá recoller a prioridade dos gastos de persoal e as obrigas contraidas en exercicios anteriores. (art. 187 TRLFL)

O RDL 3/2011, de de 14 de novembro, polo que se aproba o TRLCSP), regula entre outros os procedementos de contratación e a suxeición destes ós principios de publicidade, concorrencia, para garantir a publicidade e cocorrencia de ofertas e os prazos para a a realización dos pagos.

O recoñecemento extraxudicial de crédito.

O recoñecemento extraxudicial de crédito ven recollido no art. 60.2º do RD 500/90 e supón unha excepción ó principio de temporalidade segundo o cal soio poden imputarse os créditos de cada exercicio os gastos realizados durante o mesmo.(art.176 do TRLRFL)

Xustificárase o emprego deste procedemento, de recoñecemento extraxudicial de crédito, baseándose na doutrina xurisprudencial e no principio de que ninguén pode enriquecerse á custa doutro sen que medie causa xusta.(Sentencias do 2/7/46, 29/4/47 e outras posteriores, que delimitaron os requisitos esenciais que se teñen que dar para que poida prosperar toda pretensión de enriquecemento

inxusto: adquisición dunha vantaxe patrimonial para unha parte, un correlativo empobrecemento da outra consecuencia daquela vantaxe e a ausencia de causa xustificativa do empobrecemento.

Organo competente.

O órgano competente para a aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito de facturas de exercicios anteriores resultado de realización do gasto sen consignación e sen seguir o procedemento legalmente establecido: o ROF no art. 50.12 atribúe ó pleno a competencia para o recoñecemento dos mesmos e o art. 60.2 do R.D. 500/90 atribúe a competencia ó pleno sempre que non exista dotación orzamentaria igual que fai o art. 23 1.e) do R.D. 781/86 do 18 de abril.

En base ó previsto no art. 23.2.b) declara indelegables as competencias reservadas ó pleno, entre outras as incluídas no art. 22.2º e) referida a disposición de gastos nas materias da súa competencia. Tendo en conta que o recoñecemento extraxudicial de crédito non é outra cousa que a aprobación da disposición de gastos sen consignación orzamentaria e a competencia corresponde ó pleno non pode delegarse por aplicación do precepto citado.

Esta postura sobre a competencia do pleno mantena, entre outros Sanchez Nieves Martinez e Modelo Baeza no seu artigo “El reconocimiento extrajudicial de crédito. Aspectos controvertidos. Propuesta de tramitación del expediente” publicado en El Cosultor, e tamén mantén o mesmo criterio a mesma editorial El Cosultor, na consulta 4150/2006 e publicada na Revista 18-30 setembro de 2008 pax 3014.

Antecedentes sobre recoñecemento extraxudicial de créditos:

EXERCICIO ECONOMICO	IMPORTE FACTURAS EXTE REC EXTRAJUDICIAL DE CREDITO	APROBACION	% RECURSOS ORDINARIOS
2001	25.119.824 pts	13-03-01 X G L	
2002	24.303.976 pts(146.069,84 €)	20-03-02 X G L	
2003	110.524,05 € (18.389.654 pts)	07-02-03 X G L	
2004	57.318,17€,		
2005,	125.225,455 €,		
2006,	166.979,40 €,	07/03/07 X G L	
2007	240.398,58 €	20/02/08 X G L	17 %
2008	300.783,25 €	24/03/09 X G L	47 %
2009	300.783,25 €	24/03/09 X G L	53 %
2010	63.686,20 € 36.725,47€ 33.696,12€ 19.444,07 <i>Total: 153.552,86</i>	18/02/10 16/04/10 24/11/10 X G L	8 %
2011	142.439,53 €	23/03/11 X G L	8 %
2012	59.293,75 € 310.389,19 <i>Total: 369.682,94</i>	15/02/12 X G L 25/05/12 PL	21 %

Esta situación plantexa a dificultade de aprobación extraxudicial da totalidade da débeda pendente dado que en base o principio de vinculación xurídica dos créditos das partidas esgotariase o crédito de partidas para poder facer fronte os gastos do exercicio corrente.

As facturas incluídas no expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito corresponden a gastos correntes e supoñen unha distorsión do orzamento municipal o minorar parte da consignación das correspondentes partidas. A aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito sin a correlativo incremento da dotación das partidas do orzamento supón a minoración da consignación para gastos de gran parte do exercicio imputables a ditas partidas e unha situación de falla de liquidez, o que se está a distorsionar totalmente a xestión do propio orzamento e do gasto.

Non cabe eludir a aprobación do pleno pois ante o argumento de que a data de aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito poda existir consignación nas partidas do orzamento aprobado porque estamos o comezo do exercicio, sería un fraude de lei pois desta maneira infrinxiríase o propio contido da normativa sobre orzamentos de xeito que un orzamento con dotación nas súas partidas para os gastos do exercicio quedaría totalmente desvirtuado por imputar o mesmo unha vez

aprobado facturas de ejercicios anteriores que reducirían de forma significativa a dotación para hacer frente os gastos previstos no exercicio, viciándose a propia xestión económica sobre a que a lei prevé a existencia dun control interno.

CONCLUSIÓN.

1.) *Que procede tramitar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos e os oportunos expedientes de modificación orzamentaria, dotando as partidas que correspondan con crédito suficiente, aprobando as facturas correspondentes e aboandollas no seu día ó contratista ou proveedor.*

2.) *Non procede o pago neste intre xa que as facturas terían que estar aprobadas con anterioridade polo Pleno. Unha vez obtido o recoñecemento polo Pleno e aprobadas as facturas, sí sería factible face-lo pagamento*

3.) *O órgano competente para aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito é o pleno tal como se deduce da normativa citada, polo que a aprobación por outro órgano estaría viciada de nulidade tal como se deduce do art. 62 da Lei 30/92 do 26 de novembro na redacción dada pola lei 4/99 do 13 de xaneiro.*

Cabe sinalar que as obrigas con importe sin existencia de crédito son nulas por prescindir absolutamente do procedemento legalmente establecido conforme o art. 62.1.e da lei 30/92. Si ben co matiz de que a legalidade presupostaria ten unha forza obligacional interna para a administración da que non ten porque ser responsable o contratista ou proveedor máxime cando non cabe o enriquecemento inxusto e porque conforme o establecido no art. 1256 do Código civil o cumprimento dos contratos non pode deixarse o arbitrio dunha das partes contratantes.

4.) *A presentación de facturas sen seguir o procedemento e sin intervención previa supón un incumplimento da normativa sobre xestión do gasto distorsiona a xestión económica e as propias previsións do orzamento aprobado co que se agudizan os problemas de tesourería e de falta de liquidez.*

5.) *Advírtese que a xestión do gasto e a realización de actos con infracción da normativa aplicable e sin seguir o procedemento legalmente establecido pode dar lugar a indemnizar a Facenda Pública dos danos e perxucios que sexan consecuencia daqueles, con independencia da responsabilidade penal ou disciplinaria que poidese corresponder e sen perxucio da tramitación de expedientes de alcance de conformidade co disposto no art. 173 do TRLFL e art. 176 e ss. da Lei Xeral Orzamentaria.*

6) As facturas pendentes de aprobación por falta de consignación *deberían incluírse dentro do orzamento do exercicio do 2.012 de forma expresa para prever no mesmo dotación económica correspondente, do contrario o seu pago con cargo o crédito das partidas do orzamento desvirtúa o mesmo como xa esta previsto que aconteza coa realización de pagos pendentes da aplicación.*

7.) **Sobre morosidade** . O art. 216 da Lei 3/2011 TRLCSP establece a obriga para a Administración da abonar o precio dos contratos no prazo de 30 días seguintes a data de expedición das certificacións ou documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato...e o art. 217 establece que transcurrido o prazo dos 30 días o contratista poderá reclamar por escrito o si se demorase deberá abonar ó contratista os intereses de demora a indemnización polos costes de cobro nos termos da lei 3/2004 de 29 decembro, sinalando tamén o apartado 5 do mesmo artigo que si a demora fose superior a 4 meses o contratista terá dereito a suspensión do contrato; e si a demora da Administración fose superior a 8 meses o contratista terá dereito a resolver o contrato e o resarcimento dos perxucios que se lle orixinen.

8.) En canto o PLAN DE DISPOSICIÓN DE FONDOS, faise constar que a *realización dos pagos haberá de acomodarse ó plan de disposición de fondos coa prioridade dos gastos de persoal e de exercicios anteriores. (art. 187)*

Os ordenadores de gastos e pagos, en todo caso e os interventores da Entidades Locais cando non advirtan por escrito da improcedencia serán personalmente responsables de todo gasto que autoricen ou de toda obriga que reconozcan ou liquiden ou paguen sin crédito suficiente (art. 188 TRLFL)

Sínase que se incumple sistematicamente os criterios de prioridade na realización dos pagos tema que unido a falta de liquidez por confección dos orzamentos e xestión económica inadecuada distorsiona a xestión económica do concello.

Si ben cabe sinalar que a L.O. 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Estabilidade Financieira no seu art. 14 establece a prioridade absoluta do pago de intereses e capital da debida pública das Administracións.

9.) A relación de facturas e o seu importe forman parte da relación de provedores enviada o Ministerio de Hacienda por unha total de 1.166.319,83 coa aprobación por acordo plenario de data 28/03/12 dun plan de axuste vinculante informado favorablemente polo Ministerio coa conseguinte sinatura dunha operación de prestamo a 10 anos polo importe da debeda cos provedores e que leva consigo o carácter vinculante das medidas de aforro no gasto e incremento dos ingresos.

10.) *Formulación expresa de reparos de legalidade:*

En base o establecido no art. 215 TRLFL, formulanse reparos a aprobación das facturas por omisión de procedemento, fiscalización previa na realización do gasto sin consignación sin prexuízo da xustificación ou comprobación dos suministros e das obras realizadas.

Así mesmo se informa que, de conformidade co establecido no art. 173 TRLFL e art. 176 da Lei Xeral Presupostaria, os feitos poden dar lugar a responsabilidade de indemnizar á facenda pública dos danos e perxuízos que sexan consecuencia dos actos con infracción do disposto na lei con independencia da responsabilidade penal que poida corresponder.

Dos acordos adoptados en contra do previsto na normativa aplicable son responsables os membros da órgano decisor que voten favorablemente (art.78 LBRL) a pesares dos informes contrarios ou contra os reparos formulados.

Insístese na necesidade de seguilo o procedemento na tramitación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito resolvendo tamén sobre a dotación orzamentaria para facer frente o pago das facturas tendo en conta a orde de prioridade nos pagos e que o orzamento vixente aprobado non se preveu consignación para facer frente ao importe das facturas o que de non resolverse afectará a dotación prevista para gastos correntes necesarios para o funcionamento da administración municipal.

En anexo ó presente informe inclúese relación de facturas incluídas no expediente por importe de 310.389,19 €

E canto en relación co asunto teño a ben informar, salvo mellor criterio, non obstante o Sr. Alcalde ou o órgano competente da corporación resolverá.

Barro a 22 de maio do 2012. O Secretario - Interventor. Asdo: Xesús Rodríguez Castro."

O asunto foi dictaminado en comisión informativa de data 25/05/2012

Sometido a asunto a votación, ACÓRDASE por 7 votos a favor; votan os Sres. Roig Olona, Varela Magariños, Fontán Outón, Iglesias González, M. Rivas Reboredo, Sr. Alcalde (PP) e Sr. Sanmartín Soto (PSOE) e 2 abstencións; votan os Sres. Castro Calviño e R. Rivas Reboredo (BNG):

Primeiro.- Resolve-los reparos formulados polo Secretario-Interventor no seu informe, tendo en conta que o abono das mesmas é esixible polos interesados e aproba-lo abono das mesmas ós acreedores con cargo as partidas correspondentes do orzamento vixente, ordeando a contabilización das mesmas de conformidade co procedemento aplicable.

Segundo.-Valida-las facturas correspondentes relacionadas por un importe de **310.389,19 €** por considerar que a prestación de servicios e suministros a que corresponden forón efectivamente realizados.

6.-EXPEDIENTE SUPLEMENTO DE CREDITO 2/2012.-

Dase conta do expediente de modificación de crédito tramitada para a incorporación ás partidas do orzamento de 2012 dos importes das facturas GAS NATURAL SUR S.D.G. por unha contía total de **310.389,19 €** . Ditas facturas que se contabilizaron na conta 413, forman parte da relación de provedores enviada o Ministerio de Hacienda do abeiro do RDL 4/2012.

O asunto foi dictaminado en comisión informativa de data 25/05/2012.

Sometido a asunto a votación, ACÓRDASE por 7 votos a favor; votan os Sres. Roig Olona, Varela Magariños, Fontán Outón, Iglesias González, M. Rivas Reboredo, Sr. Alcalde (PP) e Sr. Sanmartín Soto (PSOE) e 2 abstencións; votan os Sres. Castro Calviño e R. Rivas Reboredo (BNG):

Primeiro.- Aprobación inicial do expediente 2/12, de suplemento de crédito na contía de 310.389,19€, con modificacións nas partidas orzamentarias que se relacionan e que quedarían como a seguir se indican:

PARTIDA GASTOS	DENOMINACION	CREDITO INICIAL	SUPLEMENTO	CREDITO DEFINITIVO
2012.165.22100	enerxía eléctrica	200.000,00€	310.389,19€	510.389,19€

O anterior importe queda financiado con operación de crédito a concertar co BANCO POPULAR, entidade asignada polo ICO e según o RDL 4/2012, modificándose o orzamento corrente como segue:

PARTIDA INGRESOS	DENOMINACION	CREDITO INICIAL	SUPLEMENTO	CREDITO DEFINITIVO
2012.91300	PRESTAMOS L.P. DE FORA DO S.P.	100,00€	310.389,19€	310.489,19€

Segundo.- Que se continúe a tramitación do expediente, con inmediata exposición o público, os efectos de reclamacións.

Terceiro.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ambos trámites, a publicación no B.O.P. y e no Tablón de Edictos do Concello.

7.- MOCIONS

7.1. MOCION DO BNG SOBRE O MANTEMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Pola concellería Sra. Castro Calviño dáse conta da moción referida ao mantemento do servizo de axuda no fogar, que se transcribe:

“Exposición de motivos:

1.- O goberno do PP na Xunta de Galicia acaba de publicar o decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. No mesmo establécese que o Servizo de Axuda no Fogar é un servizo social comunitario básico de carácter público que debe ser garantido polos concellos. Tamén regula o financiamento do conxunto dos servizos sociais comunitarios e concretamente no que se refire aos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico soamente financiará as corporacións locais de 20.000 ou máis habitantes, onde só financiará ao traballador social. Deste xeito, a inmensa maioría dos concellos galegos, que son os que contan con menos de 20.000 habitantes, entre eles

o noso, van a ser excluídos das axudas que até o de agora viñan recibindo da administración galega.

2.- As axudas da Xunta aos servizos sociais comunitarios xa foron recortadas os anos 2010 e 2011, especialmente no que se refire ao Servizo de Axuda no Fogar. O Plan de 2011 dispoñía de preto de 24 millóns de euros para as prestacións sociais básicas, servizos sociais comunitarios e plan de desenvolvemento xitano, e o goberno do PP os recortou en 2,4 millóns de euros.

3.- Para este ano 2012, o plan concertado quedou na metade, en 12,4 millóns de euros. As partidas do programa de servizos sociais comunitarios foron eliminadas e o plan de desenvolvemento xitano ten unha partida simbólica de pouco máis de 100.000 euros.

4.- O decreto publicado vén a corroborar que o goberno do PP na Xunta de Galicia se desentende por completo dos servizos sociais comunitarios nos concellos de menos de 20.000 habitantes, en especial do Servizo de Axuda no Fogar Básico, o que obrigará no mellor dos casos aos concellos a financiar estes servizos e aos usuarios e usuarias a pagar máis nas súas aportacións como copago, ou no peor dos casos a que os servizos desaparezan e só se manteñan para as persoas dependentes coa prestación asignada no seu Plan Individual de Atención.

5.- O propio decreto establece que as Deputacións terán que prestar axuda económica e técnica aos concellos de menos de 20.000 habitantes. No obstante, non as obriga con cantidades nin porcentaxes. En cambio obriga aos concellos a aumentar o 20% para os concellos de menos de 20.000 habitantes, o 25% para os de 20.000 até 60.000 e o 33% para os de 60.000 ou máis habitantes.

6.- Compre salientar que o Servizo de Axuda no Fogar Básico ou de libre concorrência é ao que teñen que recorrer as persoas con problemas de desestruturación familiar, casos de enfermidade aguda tras alta hospitalaria, persoas en situación de dependencia aínda non valoradas, persoas en situación de dependencia valorada e con dereito pero que non teñen o acceso ao Servizo de Axuda no Fogar ou outra prestación asignada (por estar en lista de espera que hoxe en Galiza supera as 27.000 persoas).

7.- O que se pretende con este decreto é trasladarlle aos concellos unha competencia, facer unha descentralización administrativa, pero sen financiamento, onde a Xunta de Galiza abdica das súas competencias para impoñerlle aos Concellos que poñan a disposición da Xunta as dependencias municipais, asumindo todos os custes, a xestión de todos os sistemas informáticos e as horas de traballo do persoal de Concello, para facerse cargo do Servizo de Axuda no Fogar Básico.

8.- A xunta de Galiza debe asumir as súas competencias e garantir uns servizos sociais comunitarios acorde coas necesidades de poboación. E garantir e xestionar un servizo público básico que debe chegar en igualdade de calidade e dereitos a todos os galegos e galegas independentemente do concello onde vivan, como acontece coa sanidade e co ensino.

9.- Se non se fai así as consecuencias van a ser moi graves. En primeiro lugar para as persoas usuarias do servizo, en segundo lugar para as xa depauperadas arcas municipais e para os traballadores e traballadoras que realizan este servizo xa que perderán o seu emprego, pasando a incrementar a alta taxa de desemprego existente.

10.- O mesmo decreto tamén establece unha nova regulación da participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar que incrementa de xeito substancial en case todos os tramos de renda o copago a realizar. Incrementos grandes para as persoas que teñen recoñecidas as prestacións por dependencia e aínda moito mejores para as que sen ter recoñecida as prestacións están en grave situación de risco ou vulnerabilidade.

11.- O goberno do PP na Xunta de Galiza ten a obriga de garantir o funcionamento do Sistema Galego de Servizos Sociais e con este decreto lesiona gravemente os dereitos das persoas e pon en grave risco o sistema de servizos sociais.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a:

a) Manter o financiamento dos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de máis de 20.000 habitantes.

b) Contribuir economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos.

c) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar.

d) Derrogar o decreto a negociar outro no marco da FEGAMP.

Barro, a 23 de abril de 2012".-----

Sr. Alcalde, sinala a necesidade de revisar a lei de dependencia porque non é de recibo que as persoas que teñen bens non paguen determinadas prestacións que reciben, xa que mentras teñen bens o seu nome e polo tanto medios materias para afrontar o coste do servizo teñen que ser as administracións as que se fagan cargo do coste do servizo co presuposto público, e aclara tamén que en ningún caso se trata de deixar as persoas necesitadas na rua e sin atención.

Sr. Roberto Ribas Reboredo, que coa política de recortes do PP se está tratando de suprimir dereitos e logros polos que se loitou e traballou durante moitos anos e que a culpa das políticas de derroche e recortes non a teñan as persoas con poucos recursos nin os traballadores e labregos que chegan a vellez e precisan de asistencia pola súa situación de dependencia.

Sra. Castro Calviño, entende que o que se propón na moción esta suficientemente motivado ante a situación de deterioro da asistencia as persoas con necesidades e os dependentes e que é responsabilidade de cada quen decidir o sentido do seu voto.

A Corporación Municipal, por unanimidade, ACORDA:

Instar á Xunta de Galiza a:

a) Manter o financiamento dos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de máis de 20.000 habitantes.

b) Contribuir económicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos.

c) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar.

d) Derrogar o decreto a negociar outro no marco da FEGAMP.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulan rogos nin preguntas polos concelleiros.

A sesión rematou ó fio das vinte e unha horas corenta e cinco minutos. Dou fe.